

1^a. Elabora unha composición sobre as causas, a evolución e as consecuencias da guerra de Vietnam no contexto xeopolítico da época. Debes salientar.

- a) As orixes do conflito: a descolonización da Indochina francesa e a guerra fría en Asia.
- b) A evolución do conflito e a implicación dos Estados Unidos.
- c) As consecuencias do conflito para a sociedade estadounidense.

2^a. Visiona o seguinte documental sobre a historia desta imaxe:

<https://www.youtube.com/watch?v=cOSaL2p2Bs>



3^a. Lee o seguinte documento sobre o tenente William L. Calley que foi acusado de violar o Art. 118 del Código Uniforme de Xustiza Militar, “Homicidio”, e xulgado por un xurado composto por seis veteranos de guerra. Escoitaron o testemuño de máis dun cento de persoas e declarárono culpable en marzo de 1971. Perdeu os seus honorarios, foi expulsado do exército e condeado a cadea perpetua de traballos forzados por homicidio premeditado na denominada matanza de Mi Lai.

“Rusty Calley no sentía remordimiento alguno por haber masacrado a centenares de ancianos, mujeres y niños un día de marzo de 1968: a fin de cuentas, “¿qué demonios es la guerra sino matar personas?”. Desde el comienzo, sencillamente no podía entender a qué se debía tanto jaleo. Al principio, cuando se le acusó de haber participado en una masacre, reaccionó con incredulidad:

No pude entenderlo. Pero seguí echándole cabeza. Pensaba: ¿Es posible que haya hecho algo malo? Yo sabía que la guerra estaba mal. Que matar estaba mal. De eso me daba cuenta. Pero había ido a la guerra. Y había matado. Sin embargo, sabía, lo mismo habían hecho millones más. Pensaba y pensaba pero no podía encontrar la clave. Me imaginé a la gente de My Lai, recordé los cadáveres, pero no sentí nada. Había encontrado, enfrentado y destruido a unos vietcong. Ésa era la misión del día. Pensé: Eso no puede ser malo, de lo contrario tendría remordimientos acerca de ello”

(Testemuño recollido en BOURKE, Joanna, *Sed de sangre: historia del combate cuerpo a cuerpo en las guerras del siglo XX*, Crítica, 2008)

3.1. Procura información sobre a masacre de Mi Lai.

3.2. Que información achega o texto sobre o tenente Calley? Que consideración tiña das vítimas?

3.3. Compara a súa lembranza e a do capitán que dirixiu a operación coa das propias vítimas que sobreviviron a esa matanza:

A) Declaración do capitán Edward Banks, comandante en xefe da compañía de marines que atacou o poboado de Thuy Bo o 31-I-1967: “Nunca sabías quén era enemigo y quén amigo. Algunos de ellos eran vietcongs. Todos parecían iguales”.

B) Testemuño de Le Thi Ton, residente en Thuy Bo en 1967, recollido en TURSE, Nick, *Dispara a todo lo que se mueva: la verdadera guerra norteamericana en Vietnam*, Sexto Piso: “Cuando llegaron a mi casa, había dentro diez miembros de la familia, incluido mi hijo de catorce años. Cuatro o cinco soldados llegaron por allí, dieron una vuelta alrededor y lanzaron una granada en la casa. Nueve o diez personas quedaron despedazadas. Fui la única que sobrevivió. Mi hijo y todos los demás cayeron muertos. Yo estaba herida y sumamente asustada y me arrastré todo lo rápido que pude a un rincón de la casa. Aunque la granada ya había explotado, los soldados disparaban sus armas contra la gente para asegurarse de que nadie sobreviviría”.

4ª. Visiona este documental sobre o movemento pacifista e as protestas contra o recrutamento de mozos para combatir en Vietnam: <https://www.youtube.com/watch?v=gV--rAMQoQk>

Muhammad Ali foi un deses obxectores de conciencia. Negouse a ser recrutado en 1967 e foille retirado o título de campeón de boxeo despois de facer as seguintes declaracións:

“Non teño nada en contra do Vietcong. Non teño ningún problema con eles. Ningún me chamou nigger.”

“A miña conciencia non me deixa irlle disparar a unhas pobres persoas no barro pola todopoderosa América. E dispararlles para que? Nunca me chamaron nigger, nunca me lincharon, nin me cazaron con cans. Non me roubaron a nacionalidade. Por que dispararlles? Non quero dispararlle a esas pobres persoas escuras, eses bebés, nenos e mulleres. Como podería dispararlles? Lévenme ó cárcere!”

“Vostedes opóñense a min cando pido xustiza, cando pido igualdade. Nin sequera me defenden aquí nos EE.UU. polas miñas crenzas relixiosas e queren que vaia a algún lugar a loitar, pero nin sequera me defenden aquí no meu país.”

<https://www.youtube.com/watch?v=OZNwZiyGEuk>

4.1. Por que afirmaba Muhammad Ali que non tiña nada en contra do Vietcong?

4.2. Compara os seus argumentos sobre os dereitos civís da comunidade afroamericana e a oposición á Guerra de Vietnam cos de Martin Luther King:.

“Chega un momento no que o silencio se converte en traizón. Ese momento chega para nós, mesmo cando se é presionado polas demandas da verdade interior. Os homes non asumen dun xeito doado a tarefa de opoñerse ás políticas do seu goberno, especialmente en tempos de guerra, e eu sabía que non podía volver erguer a miña voz contra a violencia dos oprimidos nos ghettos sen falar antes sen impedimentos co principal subministrador de violencia do mundo na actualidade: o meu propio goberno... En que pensan mentres probamos con eles as nosas últimas armas, igual que probaron os alemáns novos medicamentos e novas torturas nos campos de concentración de Europa? Agora queda pouco sobre o que construír, salvo amargura. Somos recibidos cunha profunda aínda que entendible desconfianza. Falar por eles é explicar esta falta de confianza nas palabras de Occidente, e especialmente a súa desconfianza cara as actuais intencións americanas...”

O mundo demanda unha madurez de América que quizais non sexamos capaces de conseguir. Esta forma de resolver as diferenzas non é xusta. Unha nación que continúa ano tras ano gastando máis en defensa militar que en programas de mellora social aproxímase á morte espiritual. Dalgunha forma esta tolería debe parar. Debemos parar xa.

Falo como alguén que quere a América, aos líderes da nosa propia nación: a gran iniciativa nesta guerra é nosa; a iniciativa para detela debe ser nosa.”